



16, 17, 18 e 19
abril²⁰⁰⁸

a palabra encarnada

(I semana
de poesía
salvaxe
de ferrol)



CONCELLO DE FERROL
CULTURA



a palabra encarnada

16, 17, 18 e 19
abril²⁰⁰⁸

(I semana
de poesía
salvaxe
de ferrol)



Unha semana que son catro días. Unha semana de axitación poética na que dez artistas percorreren as rúas, prazas, mercados e capelas da cultura de Ferrol, megáfono en man, para elevar a voz ancestral da poesía sobre o ruído cotián, para reivindicar a forza da oralidade sobre o texto domesticado.

Importa a emoción compartida, importa a potencia expresiva, e importan ambas por enriba de todo estilismo, fronteira ou disciplina. Por iso a nosa semana incorpora o ouveo, a carnalidade, o ritmo e a imaxe nun mix que só persigue a confusión. Porque xa se sabe: da confusión e a calor brotaron as formas elementais...



a palabra
encarnada

16, 17, 18 e 19
abril

(Semana
de poesía
sobre o eixe
de ferrol)

16 de abril

GUILLERMO FERRÁNDEZ & KARLOTTY

18,30 • Quiosco do Cantón

MARÍA LADO & LUCÍA ALDAO

23,00 • Pub Cazadores

17 de abril

VÍCTOR DÍEZ

12,30 • Rúa Real e Praza de Amboage

DAVID GONZÁLEZ

21,00 • Capela do Centro Torrente Ballester

CAMILO FRANCO & MAGÍN BLANCO

22,00 • Capela do Centro Torrente Ballester

18 de abril

O LEO

12,30 • Mercado da Praza de España

CARLOS OROZA

Donde la noche da la mano al día.
Presentación mundial, en rigorosa exclusiva,
do seu novo espectáculo poético.

21,00 • Biblioteca Central de Ferrol

19 de abril

ESTEVO CREUS

12,30 • Mercado da Magdalena

JAM SESSION POÉTICA

MANUEL CORTÉS • Conductor

19,00 • Capela do Centro Torrente Ballester



GUILLERMO FERRÁNDEZ



Naceu en Ferrol, no barrio do Inferniño, en 1951. A dureza heroica do gris naval e a alma xeométrica da cidade marcarían para sempre. Marchou. Volveu. Escribiu as novelas **Conacho**, **La piedad del invierno**, e o seu poemario **Las arrugas del tiempo**, para que o pasado deixara de amolalo. Máis tarde dedicoulle á súa infancia un estudio sobre a fala local para que o seu corazón puidera pensar a doce amargura da infancia. Agora dá clases de lingua española no instituto *Marqués de Suanzes* e a súa única preocupación estética, ética e monotemática é o desarraigo...

KARLOTTY



“La pobreza de la posguerra es el territorio de mi infancia, territorio ilimitado donde la escasez alimenta la abundancia de los sueños. La aldea gallega, mi patria, que me hará para siempre, mas que cosmopolita, habitante de la lumbre y de sus voces. Emigraciones sucesivas y tempranas: Maside, Valtuille, Lugo, Ferrol, donde después de cuarenta años, regreso y habito, Valladolid , asentamiento duro y duradero donde la Poesía y la Amistad, levantan para siempre sus coordenadas, cruzadas por las Derrotas y los Regresos: Yugoslavia, Italia, Iran, Afganistan, India, el Circo Moira Orfei...

Y mis poemas se vuelven la parte destilada de las astillas de los días. Revistas de Poesía y proclamas, siempre bajo el signo de la Bendita Mala Suerte y de las Barricadas Clandestinas:

Hebe, Pavos Reales, Haz y Envés, Pliegos de Cordel Vallisoletanos, Cuadernos Leoneses de Poesía, Un Ángel Mas, El signo del Gorrión, Barrio de Maravillas, y libros y antologías: **Todos de Etiqueta, Esto Era y no Era, Un Golpe de Dados, Los Infolios, y Todos los Jueves Salvo la Luna”.**

MARÍA LADO



Comezou a escribir entre as xentes do Batallón Literario da Costa da Morte, onde participou de diversas antoloxías poéticas. Como poeta ten publicado **A primeira visión** (Letras de Cal, 1997), **casa atlántica casa cabaret** (Xerais, 2002) e **berlín** (Concello de Santiago – El Correo Gallego – AELG), poemario que conta tamén cunha edición dixital en formato audiolibro, recitado pola autora e musicado por Fanny e Alexander (Regueifa Plataforma, 2007). Na actualidade agarda pola edición de **nove**, premio Avelina Valladares no 2007.

Xunto coa poeta Lucía Aldao presenta **Onde estea un cubata que se quite un soneto**, lema baixo o que achegan ao público unha peculiar posta en escena do recital poético.

LUCÍA ALDAO



Nada en A Coruña no 1982. A súa obra aparece en diferentes publicacións periódicas así coma en antoloxías entre as que destacan **O Trazo Aberto** (2002), **Negra Sombra** (2003), **Sempre Mar** (2003), **Os Gozos e as Sombras** (2005), **Plantando Libros** (2006), ou **Poética da Casa** (2006). Dende os seus inicios participou en multitude de recitais por toda a nosa xeografía, e últimamente continúa a facelo, a xeito de espectáculo poético, xunto á poeta María Lado. Como cantante, leva dende o 2004 ofrecendo concertos por toda Galicia nos escenarios máis variados. No seu último proxecto musical, *aIDDao*, aborda a música electrónica aportando a voz ás bases do músico madrileño Diego Delgado.

VÍCTOR DíEZ



Poeta. Nacido en León en 1968. Entre as súas obras publicadas encóntranse títulos como **Evaporado va**, **Oído en tierra**, **Voz fuera de campo**, **Ser no representable** ou **Circo varado**. Sempre ligado á escrita, colaborou en diferentes diarios como columnista, así como en revistas literarias, festivais de cine (como *SEMINC*), catálogos de pintura ou guías de viaxe. É coñecido polos seus traballos como poeta de acción, con músicos (*SIN RED*, cuarteto de improvisadores), grupos de teatro e, en xeral, como axitador cultural e creador de proxectos estéticos contemporáneos.

DAVID GONZÁLEZ



San Andrés de los Tacones: 1964: Dirixe a colección de poesía *Zigurat*. Os seus poemas foron traducidos ao inglés, alemán, portugués, húngaro e árabe: Representou a España no I Festival Internacional de Poesía de Santo Domingo: Os seus dous últimos libros editados son: **En las tierras de Goliath** (Baile del Sol Ediciones, 2008) e **Algo que declarar** (Bartleby Editores, 2007): As súas últimas antoloxías son: **HankOver** (Caballo de Troya, Mondadori, 2008) e **Once poetas críticos en la poesía española reciente** (Baile del Sol Ediciones, 2007): Para maior información: www.davidgonzalezpoeta.com/

CAMILO FRANCO



(Camilo é quen recita,
acompañado á guitarra por
Magin Blanco)

Ourense, 1963. Para evitar problemas co sexo e coa tradición quixo ser bebé probeta, pero os seus pais opuxéronse violentamente. Deambulou por varias institucións educativas tras ser expulsado dun colexio relixioso aos dez anos. Incorporación proletaria antes de descubrir que para escribir piden menos titulación que para camareiro. Desemboca en actividades tan furtivas como a crítica teatral e a esporádica publicación de libros de relatos breves (**A lúa no cénit**, **En malos pasos**, **Por conto alleo**, **Palabras Contadas**). Fáltalle sensibilidade para ser poeta e por iso simpatiza máis cos salvaxes. Como non puido ser rockandroll star, tenta infiltrarse en todo canto hai e desfógase nas parodias elementais advertindo que a melancolía pode matar e que a palabra é para quen a traballa.

O LEO



Naceu en 1974 en Vigo e é de Matamá. Marchou coa maioridade para Compostela e alí comezou a escribir e a facer cancións e teatro. En 1998 publica o seu primeiro disco, **Suspiros de Kaña**, e abre a Xira Galega de Albert Pla de finais do 97 e comezos do 98.

Nos anos seguintes actúa e escribe música para o teatro nas compañías *Matarile Teatro*, *A Factoría Teatro* e *Berrobambán*.

En 2005 abre o blog **haicu.blogspot.com**, onde comeza a publicar poemas en forma de haicu en galego. A editorial *Xerais* tirou do prelo en novembro de 2007 a escolma de poemas do blog homónimo **Hai cu**, candidato no apartado de poesía aos premios da *Asociación Galega de Escritores* de 2008. A partir de decembro do ano pasado vén presentándoo por toda Galicia dentro dun autodenominado Espectáculo Multimerda, **Hai cu. Pintadas no báter**.

ESTEVO CREUS



(Estevo é o peludo)

(Cee, 1971) ou a pregunta é anda? Seguidor da **SUFATO** e do seu voceiro na terra: *inseminario.blogspot.com*. Admirador fundamentalista de Marcos: o asesor nenodios, e da súa obra **Liquidación de Existencias**.

Ten publicados os seguintes libros: **Poemas da Cidade Oculta**, Edicións Xerais de Galicia (1996); **Areados**, Premio Miguel González Garcés. Deputación da Coruña (1996); **Teoría do Lugar**, Edicións do Castro (1999); **O Libro dos Cans**. Poemario gráfico de Retagarda Edicións (2000); **Decrúa**, Edicións Espiral Maior (2003); e o libro – videocreación con David Creus: **Facer merzbau**, Non Ou edicións (2007). Publica os relatos: **E a catro patas quilómetros** (1994) e **Alguen Matou a Bambi** (1996). Defínese. Fin ou a pregunta é faise?

CARLOS OROZA

Donde la noche da la mano al día.

A nosa semana pica como a pementa e sabe a sorpresa.

*O inmenso Carlos Oroza, acompañado do seu “arquitecto escénico” Carlos Vilas, concédennos a **presentación mundial**, en rigorosa exclusiva, do seu novo espectáculo poético.*


CARLOS OROZA

Viveiro – Lugo, 1931. Cofundador, en Madrid, da revista Tropos e integrante, posteriormente, do movemento “beat”. Foi Premio Internacional de *Poesía Underground* e vive en Vigo desde 1980.

Publicou os libros **Eléncar** (Madrid, 1974), **Cabalum** (A Coruña, 1980), **Alicia** (Madrid, 1985), **Una porción de tierra gris del norte** (1996), **En el norte hay un mar que es más alto que el cielo** (Valladolid, 1997) e **La llama prestada** (Lisboa, 1998).



CARLOS VILAS



Licenciado en Filosofía, en 1991 abandona o ensino para dedicarse á pintura. Desde 1998 colabora de xeito permanente co poeta Carlos Oroza, ocupándose dos espazos escénicos. Entre outras montaxes, é o responsable da arquitectura escénica do video – **poema Cabalum**, presentado no acto inaugural do *MARCO* (Vigo).

Como pintor, tuvo exposicións permanentes no *C.F.V.* (1998 – 2000) e na *Galerie Hammer* (Alemaña).

JAM SESSION POÉTICA

A semana concluirá o sábado 19 de abril cunha jam session poética conducida por Manuel Cortés, na que participarán todos os poetas pretéritos e na que trenzaremos palabra, música e videocreación. E polo medio, apoiando o barullo, dous mozos cineastas e ferroláns (Rubén Coca e Pablo Portero) gravarán e gravarán cos seus dispositivos de vídeo para un tempo despois devolvernollos a súa mirada sobre evento tan extravagante.

MANUEL CORTÉS



Vilardevós, 1966. Estudos de Filoloxía Hispánica pola Universidade de Santiago de Compostela.

Segue cursos e seminarios de especialización en literatura galega e traducción.

Iníciase no teatro dentro do grupo *Chévere*.

Membro fundador do colectivo de creación poética *Ronseltz*, participando en todas as actividades promovidas polo grupo.

Individualmente é autor do libro **A rutina** é o deber de todas as criaturas, editado por *Edicións Positivas*, 1997.

É traductor ao galego desde o castellano, catalán, francés e portugués.

Participou como actor en varias producións de cine e televisión.

No ano 1998 intégrase no equipo de produción da *Nave de Servicios Artísticos - NASA*, de Santiago de Compostela.

RUBÉN COCA



Guionista, director e músico ferrolán, director de videoclips e curtametraxes. Premiado en diversos festivais de cine, entre eles Mención especial do xurado no *III International Short Movie Festival de Campobasso* (Italia) con **Notamotof**, e 1º premio á Mellor curtametraxe de cine de Galicia nas *XVIII Xornadas de Cine e Vídeo de Galicia Xociviga 2001* con **El fruto del tedio**. Nominado pola *Academia Galega do Audiovisual* á Mellor obra experimental 2007 por **Ecos**.

PABLO PORTERO



Ferrol, 1977. Escritor que transitou cara o audiovisual como guionista, despois de ter publicado o seu primeiro relato con tan só 17 anos, tras gañar o Premio *Los Nuevos de Alfaguara* en 1995.

Desde 2001 realizou guións para videos corporativos, anuncios publicitarios e curtametraxes. Profesor de guión audiovisual para a *Rede de Centros Culturais do Concello de Santiago de Compostela*, onde traballa desde 2005, Pablo Portero desenvolve o seu traballo como profesor, analista de guión, e presidente da asociación cultural axentecultural, sen desvincularse da súa auténtica profesión, relacionada dun ou doutro xeito coa escritura.

16 de abril

GUILLERMO FERRÁNDEZ & KARLOTTY

18,30 • Quiosco do Cantón

MARÍA LADO & LUCÍA ALDAO

23,00 • Pub Cazadores

17 de abril

VÍCTOR DÍEZ

12,30 • Rúa Real e Praza de Amboage

DAVID GONZÁLEZ

21,00 • Capela do Centro Torrente Ballester

CAMILO FRANCO & MAGÍN BLANCO

22,00 • Capela do Centro Torrente Ballester

novomedio
de música para



18 de abril

O LEO

12,30 • Mercado da Praza de España

CARLOS OROZA

Donde la noche da la mano al día.
Presentación mundial, en rigorosa exclusiva,
do seu novo espectáculo poético.

21,00 • Biblioteca Central de Ferrol

19 de abril

ESTEVO CREUS

12,30 • Mercado da Magdalena

JAM SESSION POÉTICA

MANUEL CORTÉS • Conductor

19,00 • Capela do Centro Torrente Ballester